



## PROGRAMA " I FEIRA DE PADERNE" 2000

### **SÁBADO 22 DE XULLO**

16: 30 h : Apertura da Feira

Actuación da Banda de Gaitas de Viñas.

17: 00 h : Recepción de autoridades no Concello

18: 00 h : Inauguración oficial da feira.

Actuación da Banda de Melide

18: 30 h : Demostración de elaboración de compost a cargo da sección de  
Agricultura ecolóxica do Concello de Vilasantar.

19: 00 h : Concurso de cans.

20: 30 h : Degustación de empanada, doce, queixo e viño do país.

Actuación da Banda de Melide

21: 00 h : Degustación de queimada

Actuación da Banda de Gaitas de Viñas

22: 30 h : Actuación do grupo folk "Arzhais"



24 : 00 h : Peche do recinto feiral

## **DOMINGO 23 DE XULLO**

11: 00 h. : Apertura da feira

11: 30 h : Obradoiro de alfarería.

12: 00 h : Actuación da Asociación folclórica " As Ferreñas" de Vilarmaior

12: 30 h : Obradoiro de cestería.

13: 00 h : Actuación da Asociación folclórica "As Ferreñas ".

16:30 h : Actuación da Banda de Gaitas de Viñas

17: 00 h: Proba hípica

18: 30 h : Demostración de encaixe de bolillos

19: 00 h : Obradoiro de alfarería.

19: 30 h : Degustación de ameixas.

21: 00 h : Clausura da feira



Mercado tradicional de productos do país o domingo pola mañá.

Durante os dous días, os rapaces máis pequenos poderán disfrutar na feira dunha sección dedicada a eles na que se atoparán diversas atraccións infantís.

#### AS FEIRAS EN PADERNE

O tema das feiras en Galicia forma parte dunha tradición que ven de antigo á que a comarca das Mariñas e en concreto o Concello de Paderne non foi allea. Deste xeito, atopamos recordos da celebración da Feira do 27 en Velouzás e da "Feira Nova" en A Fonte Seca (Adragonte), aínda que ésta última apenas é recordada polos máis anciáns do lugar.

A antiga feira do 27, así coñecida por celebrarse o citado día de cada mes, viña a ocupar unha parcela onde se ubica o edificio que no seu momento fora destinado á colleitadora de lúpulo na parroquia de Velouzás e parte das instalacións do serradoiro que alí existiu, e dicir, fronte á entrada do ramal que conduce á igrexa.

Ademais de gando vacún e lanar, realizábanse transaccións de porcino que se situaba ó fondo do recinto, por onde pasa o camiño traseiro coñecido como "camiño da Fonte de Corgos".

Pola súa parte Norte, o campo da feira chegaba aproximadamente ata de onde se atopa o Bar Sabín antigo, zona que era utilizada polos feirantes menos ocupados en transaccións propiamente ditas así como polas mulleres para poñer a súa praza de froitas e elaborados caseiros. O gando ocupaba a parte do campo máis ó Sur, hacia a actual casa Vidal, que por estar poboado de grandes castaños procuraba unha sombra moi codiciada para as reses.

Tras unha época de pleno desenvolvemento hacia o ano 1825, e debido a problemas socioeconómicos ou sanitarios, a feira de Velouzás sufriu un parón nos últimos anos da década dos 20 na que se deixou de celebrar durante 6 ou 8 anos para volver a retomarse logo, aínda que por breve período de tempo que concluiría coa súa extinción definitiva a principios dos anos 30, coincidindo coa apertura da actual estrada de Betanzos.

Desde entón ata a actualidade obsérvase no concello un vacío na celebración deste tipo de eventos, motivo que nos impulsa a celebrar a I Feira de Paderne coa intención de recuperar antigas tradicións e adaptalas a época actual.